

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL, E A REAL ACADEMIA GALEGA DE CIENCIAS PARA LEVAR A CABO A EXPOSICIÓN "JOSÉ RODRIGUEZ, O MATEMÁTICO DE BERMÉS"

José Carlos López Campos, na súa condición de conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 44/2024, do 14 de abril, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e a súa Presidencia.

Román Rodríguez González, na súa condición de conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 44/2024, do 14 de abril, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e a súa Presidencia, e o artigo 3 do 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Juan Manuel Lema Rodicio, con DNI 33192280Z, na súa calidade de presidente da Real Academia Galega de Ciencias, con CIF Q1568010A, actuando en nome e representación da entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos,

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas, e,

EXPOÑEN:

PRIMEIRO.- A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude desenvolve unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura, para achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.



Pola súa parte, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional é o departamento da Xunta de Galicia a que lle corresponden a implementación de estratexias e programas de innovación eficientes e transferencia do coñecemento, a implantación de desenvolvemento de programas de promoción do talento e impulso de programas e accións vinculados a promover a coñecemento.

Ambas consellerías teñen intereses compartidos na realización de actividades de promoción e divulgación de figuras relevantes do ámbito educativo, científico e cultural de Galicia, mediante a programación de actuacións que permitan un maior coñecemento delas, como é o caso do científico galego José Rodríguez, do que precisamente neste 2024 se cumpren 200 anos do seu falecemento.

José Rodríguez Foi un científico europeo, un persoeiro atípico e adiantado a súa época se consideramos a súa orixe social e xeográfica. Formouse en matemáticas e física de maneira autodidacta a través das lecturas dos traballos de numerosos científicos como Newton ou Euler.

En 1802 logrou, por oposición una cátedra de matemáticas no preparatorio da Facultade de Medicina da Universidade de Santiago de Compostela.

Os seus múltiples contactos permitiríanlle acceder e visitar universidades europeas.

En 1806 foi nomeado polo goberno de España Comisario das operacións para a medición do meridiano Dunkerque a Basilea, dentro dun gran proxecto internacional fundamental para establecer a medida de lonxitude, o metro, e establecer o resto das magnitudes que conforman o actual sistema métrico decimal.

Coincidindo co bicentenario do seu falecemento a Real Academia Galega das Ciencias programa diversas actividades para dar a coñecer a súa figura e as súas contribucións ao conxunto da sociedade; entre estas actividades está a exposición "José Rodríguez. O matemático do Bernés", que terá lugar na Igrexa da Universidade



de Santiago de Compostela con itinerancia en Lalín e Madrid; búscase o coñecemento pola sociedade da súa figura e obra.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto e actuacións.

O convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Real Academia Galega de Ciencias para levar a cabo en Santiago de Compostela a exposición "Jose Rodriguez. O matemático do Bermés" así como a súa itinerancia en Lalín y Madrid.

Custo total das actuacións: 69.968,25 € , IVE incluído:

PRODUCCIÓN E MONTAXE NA IGREXA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO		
COORDINACIÓN	3.000,00 €	
DESEÑO EXPOSITIVO	4.500,00 €	
DESEÑO GRÁFICO	2.850,00 €	
MOBILIARIO	3.250,00 €	
INSTALACIÓN ELÉCTRICA E ILUMINACIÓN	2.100,00 €	
PRODUCCIÓN GRÁFICA	7.125,00 €	
TRANSPORTE E EMBALAXE	4.700,00 €	
SEGUROS	1.200,00 €	
MONTAXE E DESMONTAXE	3.800,00 €	
AUDIOVISUAIS	5.450,00 €	
COMISARIADO	2.000,00 €	
ACTO DE INAUGURACIÓN	1.950,00 €	



TOTAL PRODUCCIÓN E MONTAXE EXPOSICIÓN SANTIAGO	41.925,00 €
IVA 21%	8.804,25 €
TOTAL ORZAMENTO EXECUCIÓN	50.729,25 €
ITINERANCIA LALÍN	
COORDINACIÓN	1.500,00 €
DESEÑO EXPOSITIVO	2.000,00 €
PRODUCCIÓN	1.000,00 €
TRANSPORTE E MONTAXE E DESMONTAXE DE ELEMENTOS EXPOSITIVOS	2.200,00 €
TOTAL MONTAXE EXPOSICIÓN EN LALÍN	6.700,00
IVA 21%	1.407,00
TOTAL ORZAMENTO	8.107,00
ITINERANCIA MADRID	
COORDINACIÓN	1.500,00 €
DESEÑO EXPOSITIVO	2.500,00 €
PRODUCCIÓN	1.000,00 €
TRANSPORTE E MONTAXE DE ELEMENTOS EXPOSITIVOS	4.200,00 €
TOTAL MONTAXE EXPOSICIÓN EN MADRID	9.200,00 €
IVE 21%	1.932,00 €
TOTAL ORZAMENTO:	11.132,00 €

A exposición en Santiago de Compostela e a itinerancia en Lalín levaranse a cabo no ano 2024. A itinerancia en Madrid terá lugar no ano 2025.

De acordo co artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades por canto o matemático José Rodríguez González é o científico homenaxeado no Día da Ciencia en Galicia 2024, unha celebración promovida pola RAGC para reivindicar o valor da investigación a través das súas figuras máis destacadas e a RAGC é a



entidade que dispón dos fondos materiais e documentais necesarios e ten entre os seus obxectivos asesorar, entre outros, ao Goberno da Xunta de Galicia, en todo o que se refira a cuestións relacionadas co coñecemento científico e a súa promoción común e achegar á sociedade en xeral, información e opinión documentada e contrastada sobre cuestións de índole científica que sexan de conveniente difusión.

Por todo o anterior é a Real Academia Galega das Ciencias a que posúe a especificidade como beneficiaria así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Así mesmo e de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Dirección Xeral de Cultura, para o ano 2024, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos nese plan.

SEGUNDA.- Obrigas da Real Academia Galega de Ciencias

A Real Academia Galega de Ciencias comprométese, pola súa parte, a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como audiovisual– a colaboración Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Así mesmo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

A beneficiaria deberá dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen o artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

A beneficiaria ten a obriga de prestar colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.



A beneficiaria deberá presentar certificacións acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da comunidade autónoma.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 de protección de datos, na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

De acordo co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a beneficiaria deberá presentar unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria. Esta declaración deberá presentarse antes da sinatura do convenio.

A Real Academia Galega de Ciencias comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.

TERCEIRA.- Financiamento e compatibilidade

A achega da Xunta de Galicia para a realización das actuacións obxecto deste convenio ascende a 65.000 €, que será financiado do seguinte xeito:

- A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude cunha achega de 32.500 €, con cargo á aplicación orzamentaria 37.01.431A.781.0 dos Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, código de proxecto 2022 00076.
- A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, cunha achega de 32.500 €, con cargo á aplicación orzamentaria 37.01.421A.481.0,



proxecto 2021 00105, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2024.

O importe correspondente á achega da Consellería Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional será transferido á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, para o que se tramitará o correspondente expediente de modificación de crédito que permitirá á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude incrementar o crédito no seu orzamento do gasto para este mesmo fin.

Tendo en conta as datas de realización da exposición en Santiago, así como as itinerancias en Lalín e Madrid, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude comprométese a aboar a cantidade total de 65.000 € coa seguinte desagregación por anualidades:

Anualidade 2024: 56.174,25 €

Anualidade 2025: 8.825,75 €

Esta cantidade, 65.000€, trátase dun importe certo, quedando por conta da beneficiaria a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado o financiamento público unicamente no caso e polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do Regulamento de subvencións de Galicia.

Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula primeira, cando obedezan a razón xustificadas e as actuacións que se levan a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.

Conforme o disposto no artigo 40.1.d) do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea e/ou organismos internacionais.



De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada. En caso de superar procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

CUARTA.- Xustificación dos gastos e pagamento

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo ante a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007. A data tope de presentación da documentación xustificativa da actividade e, se fora o caso, da xustificación dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% da contía concedida é á seguinte:

Anualidade 2024: 20 de decembro.

Anualidade 2025: 30 de abril.

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante,

<https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

A Academia presentará electronicamente a xustificación da subvención, coa data límite establecida e incluírá a seguinte documentación:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. Nesta memoria deberase indicar o número de asistentes.
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterá:
 - Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor, do importe, data de emisión e data de pagamento.



- As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento, dos gastos financiados con cargo á achega da consellería.
- Unha relación detallada, se é o caso, doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia. No caso de non ter solicitado e/ou non ter recibido outros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, deberán de presentar unha declaración responsable neste sentido.

Os tributos son gastos subvencionables cando o beneficiario da subvención os abone efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda. Na xustificación deberase indicar si son ou non susceptibles de recuperación.

A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, devolvendo toda a xustificación que non o cumpra.

En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei de contratos do sector público, para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á solicitude da subvención.

Subcontratación:



Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso queda fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir a entidade para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o ano 2024, dende o 1 de xaneiro ata a data tope de xustificación da axuda, que respondan á natureza da actividade subvencionada.

No caso de que a RAGC non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

QUINTA.- Pagamentos anticipados e á conta

De acordo co previsto no artigo 63.1.2 do Regulamento de Subvencións de Galicia, a RAGC poderá solicitar pagamentos anticipados ata un máximo do 50% da subvención concedida, que ascenderá a 32.500 €.

No caso de que a Academia solicite pagamentos anticipados deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.

A Academia tamén poderá solicitar pagos á conta, artigo 62 do Regulamento de Subvencións, que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas aboándose pola contía equivalente á xustificación presentada, non excedendo a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.



Segundo o establecido no artigo 62.4 do Regulamento de Subvencións de Galicia, o Consello da Xunta poderá autorizar a modificación da porcentaxe sinalada no artigo 62.2 do dito Regulamento.

O beneficiario estará exento da obriga de constituír a garantía en virtude do disposto no artigo 67.4 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

SEXTA.- Comisión mixta de seguimento

Para facilitar o seguimento, o cumprimento e a coordinación do convenio, constituirase unha comisión mixta de seguimento, integrada por unha persoa representante de cada parte.

A comisión rexerase polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e estará presidida por quen acorden os membros da comisión por maioría simple e actuará como secretaria/o quen se designe da mesma forma.

SÉTIMA.- Causas de resolución e modificación do convenio

O presente convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- a) O incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga.
- c) O acordo unánime de todas as partes asinantes.
- d) A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Calquera outra causa prevista nas leis.

Así mesmo procederá o reintegro da subvención cando concorran algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.



Segundo o disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico:

"Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade e financeira.

Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución".

OITAVA.- Publicidade e rexistro do convenio

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes. Así mesmo, a Academia acepta a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.



NOVENA- Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais.

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

DÉCIMA.- Administración dixital.

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).



DÉCIMO PRIMEIRA.- Xurisdición.

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente o artigo 6.1.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

DÉCIMO SEGUNDA.- Notificación electrónica.

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

DÉCIMO TERCEIRA.- Vixencia.

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de maio de 2025, sen prexuízo de que se subvencionen as actividades realizadas dende o 1 de xaneiro de 2024.

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asinan telematicamente este convenio.

O conselleiro de Cultura, Lingua e
Xuventude

O conselleiro de Educación, Ciencia,
Universidades e Formación Profesional

José C. López Campos

Román Rodríguez González

O presidente da Real Academia Galega de
Ciencias

Juan Manuel Lema Rodicio

